

EMPLEGO. COMERCIO. INDUSTRIA E TURISMO

- ✓ **Apoio ao comercio, á hostalaría e á industria local** mediante axudas, campañas de formación, información e promoción das empresas locais, potenciando a iniciativa emprendedora, a continuidade empresarial e o relevo xeracional.
 - ✓ Creación dunha **bolsa de emprego municipal** en combinación co servizo de orientación laboral, busca de emprego e emprendemento.
 - ✓ Creación dun **plan de emprego municipal** que incentive a contratación de persoas paradas censadas en Alfoz, por parte das empresas locais.
 - ✓ Potenciar a **dinamización e promoción turística** a través da Oficina Municipal de Turismo, inventariando os recursos turísticos, elaborando o material necesario para a súa difusión e mellorando as infraestruturas turísticas.
 - ✓ **Impulso e recuperación do Mercado Medieval de Alfoz**, retomando a iniciativa de declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia que sirva de estímulo para a mellora do evento e coa intención de optar a axudas destinadas a este tipo de celebracións.
- EDUCACIÓN. XUVENTUDE. CULTURA E DEPORTE**
- ✓ **Defensa do ensino público**, garantindo no concello a educación infantil, primaria e secundaria, e propoñendo a creación dun Centro Público Integrado, optimizando o servizo de transporte escolar, permitindo ampliar o servizo de comedor e as actividades extraescolares ata os 16 anos, contribuíndo á mellora da conciliación familiar.
 - ✓ Ampliar as **axudas á adquisición de libros de texto** e material escolar, para os alumnos dos centros de infantil, primaria e secundaria obligatoria.
 - ✓ Promover a **creación dunha aula interxeneracional**, que permita a transmisión de coñecementos a través de programas de educación, diversidade funcional e integración interxeneracional, entre centros educativos, e servizos sociais e comunitarios.
 - ✓ **Apoio ao tecido asociativo de Alfoz**, mediante a concesión de axudas e o asesoramento nos trámites ante as administracións.
 - ✓ **Promoción da actividade física e dos bos hábitos nutricionais**, mediante campañas de formación en centros educativos, sociais e asociacións.
 - ✓ Regulación do **uso das instalacións deportivas municipais** (piscina, polideportivo, pista de padel,...) e **promoción de actividades** ao longo de todo o ano.
 - ✓ Realización de **obras de conservación e mantemento das instalacións deportivas municipais**, necesarias para o seu correcto funcionamento e habilitación de novos espazos interxeneracionais de xogo no parque municipal.



1 Efigenia Maseda Paz



2 Eliseo Lorenzo García 3 Judit Casabella Pardeiro 4 Xabier Pardiñas Suárez



5 Susana Díaz Gil 6 Fernanda Casabella Méndez 7 Pedro Luis Fdez. Expósito



8 Iria Braña López 9 José Luis Cascudo Cascudo 10 Carmen Geada Maseda



11 Mª José Prado Fdez. 12 Yahel Rodríguez Rubal 13 Francisco J. Fdez. Fraga



14 Pablo J. Maseda Rubal 15 Borja Vizoso Cora 16 Jordi Melián Pagés



REXIME INTERIOR E PARTICIPACIÓN

- ✓ **Modificación da Ordenanza reguladora do IBI**, coa intención de baixar o recibo da contribución.
- ✓ **Modificación da Ordenanza reguladora dos Prezos Públicos**, para racionalizar as taxas por expedición de documentos e reprografía.
- ✓ **Regularización dos servizos municipais con cita previa**, coa intención de conseguir unha administración máis áxil e cercana á cidadanía.
- ✓ **Actualización detallada e rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos**, incluíndo fincas, camiños, edificios e outros bens, e dándolle publicidade.
- ✓ Creación dun **Punto de Información e Acceso á Administración Electrónica** no que se lle axude á veciñanza na realización de tramitacións telemáticas.
- ✓ Regularización do **servizo de información e avisos vía whatsapp** de forma que os veciños poidan recibir información e enviar avisos ao concello.
- ✓ **Creación do Consello Veciñal de Alfoz**, como órgano de participación dos veciños e veciñas na planificación, control e seguimento da xestión municipal e para a concesión de axudas ás diferentes asociacións.
- ✓ **Promover a agrupación con outros concellos** para a realización de infraestruturas, a prestación de servizos, o desenvolvemento de programas e a solicitude de axudas.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

- ✓ **Mellora da calidade da auga de consumo**, mediante actuacións nas captacións de auga e nas redes de abastecemento.
- ✓ Redacción do proxecto e execución da **rede de saneamento das parroquias de Adelan e Lagoa**.
- ✓ Redacción do proxecto e **execución da rede separativa de augas pluviais no núcleo de A Seara**, de forma que se evite a saturación da rede de fecais e se optimice o funcionamento da Edar.
- ✓ Tramitar ante a Xunta de Galicia a realización do tramo da **senda peonil de Reirado a Ferreira** e solicitar á Deputación a construción dunha **senda da Granda de Mor a Correlos**.
- ✓ Esixir á Deputación de Lugo a **mellora na conservación dos viarios de titularidade provincial**, e en especial a execución das obras de **ensanchamento e mellora das pontes** de Centoi, Bao, Xordelo, Santa Mariña e Pías.
- ✓ Levar a cabo un **programa de conservación e mantemento de vías municipais** de acceso a barrios e de pistas agrarias e forestais, así como o **arranxo das pontes** da Pena do Golpe (Pereiro) e San Caetano (Reirado).

- ✓ Levar a cabo un **programa de mantemento de instalacións, edificios, espazos e maquinaria** de titularidade municipal, que permita a mellora da súa posta en uso e conservación.
- ✓ **Mellora e mantemento de beirarúas na zona de A Seara**, para convertelas espazos peonís accesibles e adecuados para as persoas con mobilidade reducida.
- ✓ Posta en marcha dun **Plan de Sinalización de vías** que identifiquen de forma efectiva os diferentes barrios e os puntos de interese.

URBANISMO E VIVENDA

- ✓ Axilizar a tramitación do **Plan Básico Municipal**, que permita a delimitación dos núcleos rurais e do solo urbano, dotando ao concello do necesario solo de uso residencial.
- ✓ Redacción dos correspondentes plans especiais para a execución de actuacións públicas para crear **solo urbano con destino a usos industriais ou terciarios, e á construción de vivendas de promoción pública**.
- ✓ **Promover a construción de vivendas sociais**, mediante convenios de cesión de terreos ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, así como a cooperativas de vivenda, fomentando o acceso á vivenda da veciñanza de Alfoz.
- ✓ **Creación efectiva do Banco Municipal de Vivendas Baleiras**, de réxime libre e titularidade privada, que permita a a posta en uso de inmobles baleiros.
- ✓ Redacción dun **Plan especial de protección** coa intención de preservar o patrimonio cultural no **conxunto histórico do Castro de Ouro** que permita promover a declaración dunha Área de Rehabilitación Integral (ARI).
- ✓ Fomento da construción e rehabilitación de barrios con destino a **solucións residenciais modelo “cohousing”, destinadas á terceira idade**, con espazos comúns e de interacción, e dotados dos correspondentes sevizos socio-sanitarios comunitarios.

SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS

- ✓ Promover a **creación dunha residencia e un centro de día**, mellorando a conciliación familiar e o coidado dos nosos maiores e dependentes.
- ✓ Impulsar un **incremento no número de horas do Servizo de Axuda no Fogar (SAF)**, tanto de libre concorrencia como de dependencia, para reducir as listaxes de agarda, así como o aumento de servizos prestados.
- ✓ Solicitar ao Sergas, en conxunto cos outros concellos afectados, unha **nova praza de pediatra** para cubrir de forma máis eficiente este servizo, así como **que se cubran as baixas dos médicos do Centro de Saúde**.

MEDIO RURAL

- ✓ Esixir á Xunta de Galicia axilidade na **entrega dos títulos da concentración parcelaria**.
- ✓ Realización dun **plan de formación e emprego para o desenvolvemento de proxectos innovadores no sector primario**, como por exemplo a hortifruticultura, a apicultura, o aproveitamento da resina, os sistemas silvopastorais, ou o aproveitamento da biomasa, entre outros.
- ✓ **Creación dunha marca de calidade para os produtos hortifrutícolas e apícolas** producidos no concello de Alfoz, axudando aos produtores na comercialización dos seus produtos e aportando seguridade e confianza aos consumidores.
- ✓ Creación do **Banco de Terras Agrícolas de Alfoz**, coa finalidade de mitigar o abandono das terras, que permita a comunicación entre os propietarios de fincas en desuso cos demandantes de terras.

MEDIO AMBIENTE

- ✓ Intensificar a **conservación de espazos verdes**, sendas e rutas existentes, así como a conservación de ecosistemas fluviais, mediante a **limpeza de ríos e humedais** e a repoboación de árbores de ribeira.
- ✓ Posta en valor e **recuperación da zona das Lagoas de Santa Mariña**, de gran valor ecolóxico e ornitolóxico.
- ✓ Desenvolver un programa de **incentivos para a plantación de árbores autóctonas**, promovendo o seu uso nas faixas de protección de edificacións e infraestruturas.
- ✓ **Promover a construción de vivendas sociais**, mediante convenios de cesión de terreos ao Instituto Galego de Vivenda e Solo, así como a cooperativas de vivenda, fomentando o acceso á vivenda da veciñanza de Alfoz.
- ✓ Construción de **depósitos de auga , para a defensa contra incendios forestais**, en Pías (Adelan), na Frouseira (Carballido) e naqueles ligares de maior risco de incendios.
- ✓ Desenvolvemento do **Plan Municipal de Defensa Contra Incendios Forestais**, incluíndo nos orzamentos a correspondente dotación económica e realizando campañas informativas á veciñanza sobre a xestión das emerxencias.
- ✓ **Equipar ao concello de medios de extinción de incendios**, adecuados para a superficie forestal existente, dotando os servizos municipais dun novo camión motobomba e formando ao persoal para o seu correcto uso.
- ✓ **Promover iniciativas de voluntariado**, coa finalidade de conseguir unha sociedade máis concienciada co coidado do medioambiente, levando a cabo actividades de recollida de lixo, así como de prevención e xestión de catástrofes naturais (incendios, inundacións, seca...)